



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA PARA “ANÁLISE DE BIOTOXINAS DENTRO DO CONTROL OFICIAL DE MOLUSCOS BIVALVOS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade ten previsto formalizar un acordo de colaboración co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia para “Análise de biotoxinas dentro do control oficial de moluscos bivalvos”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, no marco da Rede de Laboratorios, establecer unha liña específica de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Intecmar, que posibilite a transmisión bidireccional da información relativa a biotoxinas, criterios microbiolóxicos (salmonella e vibrio), norovirus, dioxinas de PCB's e metais pesados dos moluscos bivalvos procedentes das rías galegas e a realización de análises de biotoxinas para o control sanitario dos moluscos bivalvos procedentes de establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitando o exercicio das competencias de control sanitario atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Mar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se ten previsto asinar fundaméntase no acordo de colaboración, do 4 de febreiro de 2016, entre as consellerías representadas neste acordo e as competentes en materia de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,





Medio Rural e de Economía, Emprego e Industria, para o establecemento dunha Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita rede configúrase como o instrumento de intercambio efectivo de información de carácter técnico-científico no que participen diversos laboratorios públicos (entre eles o do INTECMAR), no caso de que a información xerada ou a necesidade da súa intervención sexan de transcendental importancia para as actuacións a realizar en materia de saúde pública, xa sexan a realización de análises, a vixilancia ou o control da saúde da poboación galega, directamente ou a través dos seus factores de risco ou determinantes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

